

Boas a todos/as,

Antes de nada , dicirvos que espero que tanto vos como a vosa familia esteades ben. Como podedes ver, aínda continuamos na mesma situación, así que temos que seguir coas clases virtuais. Seguramente non imaxinabades que nalgún momento da vosa vida iades ter tantas ganas de ir ao instituto como agora. Quen volo ía a dicir!

Polo de agora, aínda non sabemos nada da 3ª avaliación, se se vai avaliar, como ou cando. Cando teña novas, faréivolo saber. Para esta avaliación vou facer algún cambios, especialmente no que se refire ás tarefas en si mesmas:

- Vou poñer as tarefas **ó comezo da semana, para as 3 horas de Inglés, para todos os grupos..** O único que tedes que facer é distribuír o traballo para as 3 horas de clase. Desta forma, evito repeticións innecesarias, como subir o arquivo ou as instrucións varias veces.
- Cando teñades que entregar tarefas para que eu as corrixa, tedes que **respectar a data de entrega**. O feito de entregar fóra de prazo, dificulta moito a organización do meu traballo. Por favor, sede responsables con isto.
- **Non mandedes tarefas que non se vos piden para ser corrixidas**. Seguides facendo todo na libreta como ata agora e, chegado o momento, serán revisadas.
- Cando se vos pida un **Writing** ou un **Speaking** intentádeo facer pola vosa conta. Se usades tradutores ou outro tipo de axuda, o meu traballo de corrección non serve para nada e vós non aprendedes nada tampouco. Si que podedes, e debedes, usar os dicionarios que tedes á vosa disposición.
- Se vos mando exercicios e subo á aula virtual a corrección, facede **antes os exercicios e despois corrixides**, se non o voso traballo carecerá de valor.
- Gustaríame poder facer unha hora de clase á semana con cada grupo, pero non sei en que medida sería isto posible. En todo caso, vou ver como poderíamos facer isto e intentar organizalo. Se puidera facerse, sería unha hora na que tivésedes Inglés no voso horario. Disto informareivos mais adiante.

Polo demais, continuamos igual. Podedes mandarme as vosas dúbidas que eu intentarei contestalas o antes posible. Recórdovos o mail para poñervos en contacto comigo e mandarme as tarefas: inglesmuros@gmail.com.

Recordade que este é un momento especial nas nosas vidas e que nos vai servir para aprender moito sobre nós mesmos e como enfrontarnos ás adversidades. Sodes capaces de isto e de moito máis! Non dubidedes en poñervos en contacto comigo para o que precisades, eu estarei aquí para axudarvos no que poda. Moito ánimo e espero que nos vexamos pronto!

Inés